A saúde bucodental no embarazo

10 de Outubro de 2022

Tempo estimado de lectura: 2 min 30 sg

Durante a xestación prodúcense cambios fisiolóxicos que favorecen a aparición de patoloxía bucodental, como xenxivite gravídica, que pode agravar ou desencadear unha enfermidade periodontal. Tamén, nalgúns casos, pódese producir o agravamento de enfermidades periodontais e carie por aparición de factores que predispoñen a isto e que se poden dar durante a xestación.

O primeiro trimestre é o período máis seguro para realizar o coidado dental rutineiro. Hai que poñer énfase no control das enfermidades activas e eliminar os problemas potenciais que poderían aparecer ao final da xestación ou no posparto inmediato, xa que pode ser difícil realizar un coidado dental nestes períodos.

A embarazada debe procurar manter unha boa hixiene bucodental para o cal fará emprego do cepillado dental, hixiene interproximal coa seda dental e os cepillos interproximais. Ademais, realizarase un control profesional da placa como método capaz de controlar a carie e a xenxivite, para evitar a perda do soporte periodontal nas xestantes.

Durante esta etapa, realizarase unha visita á unidade de odontoloxía e saúde bucodental en cada trimestre, independentemente do tratamento dos procesos agudos odontolóxicos que puidesen xurdir.



Actualmente, en Galicia as prestacións do Programa de saúde bucodental en atención primaria no embarazo son as seguintes:

- **Actividades preventivas**:

    - Exploración preventiva da cavidade oral.
    - Educación para a saúde bucodental.
- **Tratamento** de procesos agudos odontolóxicos, incluída a exodoncia.
- **Cirurxía oral**. Aquela que non pode ser realizada nas unidades de odontoloxía e saúde bucodental de atención primaria, pola súa complexidade ou polos especiais requisitos que comporta, lévase a cabo nos servizos de cirurxía maxilofacial.
- **Limpeza con ultrasóns nas mulleres xestantes nas que exista indicació**n.
- **Exclúese**:
    - Grandes reconstrucións.
    - Traumatismos dentais.
    - Tratamento en casos de afectación pulpar.